

O SARMIENTO EXHUMADO POR PINTOS, PRECURSOR DO REXURDIR DE GALICIA

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Non é hoxe a primeira vez que a figura do ilustre pontevedrés D. Xoán Manuel Pintos convoca a Corporación académica nesta cidade do Lérez. Xa en 1975, con ocasión de dedicarlle o Día das Letras Galegas a este escritor, se celebrou unha sesión extraordinaria no salón de plenos do Concello de Pontevedra en loanza de Pintos, protagonizada por D. Isidoro Millán González-Pardo, que tomou posesión nesta ocasión como numerario da Real Academia Galega cun discurso que contestou Xosé M.^á Álvarez Blázquez. Quixo daquela que o azar e o bo facer da Academia convocasen nese acto institucional en Pontevedra, a patria común, aos representantes de dúas estirpes de familias de aquí, reunidas a prol da cultura galega nun concertado acto de amor á terra. Coincidiron naquel mes de maio de 1975 as voces dos académicos convocados para destacar o compromiso de por vida que estableceu Pintos coa fala galega, sen outro precedente que o fervoroso e afastado Padre Sarmiento, en certo modo descuberto e desempoado por el mesmo.

Nos discursos pronunciados e nas obras publicadas durante o ano setenta e cinco, Pintos quedou canonizado e proclamado como “o gran precursor” e “a pedra de alicerce da nosa Renascencia” malia a mágoa incomprendible de non ter figurado entre os elixidos por Murguía na súa obra *Los precursores*, escrita con clara vocación canonizadora.

A miña breve intervención, de veras breve, quere facer fincapé xustamente neste concepto cultural, o de *precursor*, porque estimo que pode axudarnos a situar a Pintos no espazo que lle corresponde, ademais de singularizar o papel sobranceiro que o mesmo Sarmiento e a cidade de Pontevedra xogaron no Rexurdimento.

En xeral, o concepto de *precursor* entendémolo, nun contexto cultural, como unha persoa que abre camiños e horizontes a outra persoa, a unha xeración ou mesmo a toda unha cultura; tal é o caso do Padre Sarmiento. Esta concepción clásica de *precursor* actúa como unha categoría da Historia que opera dende o pasado cara ao futuro e a categoría crítica que responde a todos estes aspectos é, tamén, a categoría clásica de *influencia*.

Foron moitos os intelectuais e estudosos que contribuíron a conformar como precursor da nosa cultura a Sarmiento: desde o seu falecemento en 1772, a súa

fama de sabio deseguida saltou os muros monacais e impulsada polos ilustres contertulios da súa cela de San Martín, lanzou a editores, eruditos e investigadores na procura da obra inédita do monxe bieito. Xa sexa *El Correo Literario de la Europa* en 1782 ou o rianxeiro Antonio Valladares y Sotomayor no seu *Semanario Erudito* entre 1787 e 1789 publican textos diversos, que non abundan para sosegar o interese co que, nos anos inmediatos á morte de Frei Martín, se buscaban copias dos seus escritos baixo o argumento de que Sarmiento acerta ata cando se equivoca, tal como lle expresa epistolariamente no ano 1791 o Padre Sobreira a Cornide.

Pero é de xustiza recoñecer que foi en Pontevedra onde se formou o primeiro núcleo de sarmientistas preocupados por recuperar a memoria de frei Martín Sarmiento.

Arredor do diario *El País*, fundado en 1857 nesta cidade, continuador de *El Restaurador*, os pontevedreses Luís e Xosé Rodríguez Seoane, Fernández Anciles, Gregorio Vicente Aspa, Xosé Benito Amado, José López de la Vega, Antolín Esperón, Indalecio Armesto, e, por suposto, Xoán Manuel Pintos interésanse polos escritos de Sarmiento; esperta interese o espírito reivindicativo do bieito; todos saben que reclama na súa obra maior atención aos problemas de Galicia e á súa cultura, anoada sentimentalmente a Pontevedra. Emparentado con este núcleo pontevedrés está en Vigo Juan Compañel, editor de *El Miño*, continuador do mítico *La Oliva*, que tamén publica cartas e inéditos do beneditino. Lembremos que tamén Murguía, desde 1856, mostra interese ante López de la Vega polos escritos de Sarmiento e pasarán algúns anos antes de que o ilustre historiador de Galicia consiga facerse cunha copia dos escritos do monxe ilustrado e con algúns dos seus manuscritos máis degoirados. Será na década de 1860 cando tamén a revista dos irmáns De la Iglesia, *Galicia. Revista Universal de este Reino*, acolla escritos de Sarmiento enviados polo seu amigo Xoán Manuel Pintos. Todos os devanditos intelectuais pontevedreses estaban unidos porque, máis alá dos lazos familiares (Amado era cuñado de Pintos; Fernández Anciles estaba tamén emparentado cos Chao) fixeron profesión de fe liberal –natural consecuencia da súa fe galeguista– tanto nos seus escritos coma na súa vida política e contribuíron a crear un microclima cultural de grande influencia. Pódenos servir de exemplo desta situación a incorporación da familia Álvarez Giménez á cultura galega, sendo como eran das terras zamoranas de Sanabria. Non se explicaría a incorporación á cultura galega de catro xeracións se non fose a figura do Padre Sarmiento, tan presente nas rúas e nas xentes de Pontevedra grazas a estes ilustrados liberais. Non había daquela escola galega pero había conciencia, quedaba un fío condutor que endexamais rompeu. E un fío flexible, duro coma os xuncos, foi a obra e a memoria do monxe bieito. O patriarca da familia, Emilio A. Giménez, catedrático e autor de numerosas obras, incorpórase cunha biobibliografía sobre Sarmiento presentada no concurso dos Xogos Florais

de Pontevedra de 1884, os primeiros en galego que se celebraban en Galicia. Era un home da esquerda liberal, membro da Sociedad Económica de Amigos del País, auténtico fervedoiro de progresismo. Non importa que foran figuras lendarias, estaban presentes na memoria colectiva e serviron para transmitir o alento esquecido da nosa cultura. Tamén Xerardo Álvarez Limeses (1871-1940), fillo de Emilio, xa autor en galego, se achegou á figura de Sarmiento cando ingresa no Seminario de Estudos Galegos. E non é casualidade que tamén se teña achegado á figura do beneditino Xosé M.^º Álvarez Blázquez. Tres xeracións unidas pola obra e pola visión dun home da Galicia periférica que soubo ver España a través de Galicia.

Que papel lle cômpre a Pintos neste microclima cultural que se desenvolve en Pontevedra, nomeadamente, e na Coruña e Vigo arredor de Sarmiento? Da escritura oceánica de Sarmiento, Pintos elixe aqueles aspectos que inician a textualización da nosa cultura, fixando a ortografía, a sintaxe, o corpus lexicográfico, permitindo deste xeito o agrupamento do pobo arredor do seu idioma. Por iso Xoán Manuel Pintos publica as coplas de Sarmiento, coñece o comento das mesmas, recompila léxico e, seguindo a liña dos compañeiros sarmientistas, non soamente reivindica o bieito como precursor senón que tamén o está inventando. Cando elixe estas obras textualizadoras e dignificadoras da nosa cultura desbotando a obra enciclopédica, moitas veces arbitrista, Pintos está a construír un precursor. Coa súa lectura de Sarmiento, Pintos propón unha visión de amplos horizontes para o futuro, modificando o concepto clásico de precursor, que establece unha especie de tiranía intelectual do pasado sobre o presente. O autor d'*A Gaita Gallega* proxecta as necesidades da cultura galega do seu tempo —recuperación da fala e da autoestima— sobre a obra oceánica de Sarmiento para rescatar soamente aqueles aspectos que incidían na súa idea de país. Deste xeito, Pintos convértese el mesmo en precursor labrando a Sarmiento como piar da cultura galega.

Xustamente aquí, neste encontro entre Pintos e Sarmiento, evocados xa na xuntanza académica de 1975, comeza a fecunda relación que converte Pontevedra no berce do noso Rexurdimento e, por conseguinte, na capital da cultura galega, adiantándose a outros moitos acontecementos posteriores protagonizados por outras cidades.

Tamén se salientou naquela xornada que o compromiso coa fala levou emparellado o compromiso cos falantes, cos galegos humildes e miserentos, labradores e mariñeiros, teimosos celadores do tesouro idiomático. E o mesmo Pintos padeceu na súa propia carne, pola fe liberal que profesou, os trallazos da persecución e da inxustiza, véndose cesante e con doce fillos que criar.

Ao longo da obra poética de Pintos Villar — máis de quince mil versos segundo o cómputo de Álvarez Blázquez— a denuncia da inxustiza social é unha constante firme, que xorde da súa vontade insubornable e da súa propia formación xurídica.

Se no decurso de todo o século XIX hai un poeta comprometido co seu pobo, ese poeta é Xoán Manuel Pintos.

Lingua e compromiso co pobo son aínda hoxe as liñas que marcan a poética dos nosos mellores escritores. E todo comezou en Pintos.

Ao longo destes 47 anos de Letras Galegas creouse un canon nacional non tanto literario como sociolóxico, e creáronse neste peregrinar polo país uns lugares da memoria que non son nin recordos, fráxiles como as palabras transmitidas por vía oral, nin simples emprazamentos xeográficos, senón espazos habitados e habitables, conquistados para todos nós.

Por suposto que esta conquista que fai o país máis habitable está ligada ao discurso da memoria, reivindicadora da identidade, e non na arte do esquecemento onde sempre descansa a retórica da extinción e da destrución. Aquí, hoxe e sempre, Pontevedra é un lugar da memoria.